<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavalación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a producción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacíons cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instruccións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacíons presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, producción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacíons espaciais, o tempo e as relacíons temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacíons lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacíons persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemía, sinonimia, antonimia...).</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.</li> <li>- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: diccionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a producción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudiantes da lingua estranxeira.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavalación, a coavalización e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Work and Study	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais e a información relevante de textos ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	50
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar o contido e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade nos texto sobre temas xerais ou más específicos de relevancia persoal ou de interese público.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos más adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles más relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	Aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir as opinións explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, producción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais más adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, producción e revisión para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual.		
CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados e adecuados á situación comunicativa, co fin de describir, narrar, e informar.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar assertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Participar e colaborar en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidad, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Interpretar e explicar textos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas lingüas empregadas.		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas lingüas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que facilten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que facilten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas lingüas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacóns entre elas.	Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas lingüas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacóns entre elas.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes.		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias más adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavalación e coavalación, como as propostas no Portfolio europeo das lingüas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando estratexias adecuadas para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes lingüas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela.		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a producción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacíons cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instruccións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacíons presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, producción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacíons espaciais, o tempo e as relacíons temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacíons lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacíons persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemía, sinonimia, antonimia...).</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.</li> <li>- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: diccionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a producción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudiantes da lingua estranxeira.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavalación, a coavalización e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Segundo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a tutoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico, crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Manual da editorial (Key to 2 Bacharelato, OUP)
Recursos audiovisuais auténticos
Publicacións dixitais sobre temas de actualidade
Emprego de actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Plataformas virtuais de aprendizaxe (Aula Virtual do Centro)

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dos seguintes procedementos:

1. Comprensión de texto, que incluirá:

- Breve resumo do texto proposto (40-50 palabras)
- Identificación de vocabulario mediante definicións ou sinónimos
- Oracións de Verdadeiro/Falso

2. Proba de gramática

3. Proba de comprensión oral

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>UD 5</b>	<b>UD 6</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

- O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
- O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL: 10%

Instrumentos de avaliação: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, identificación de vocabulario, preguntas de completar ou preguntas de resposta curta.

2. COMPRENSIÓN ESCRITA: 25%

Instrumentos de avaliação: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, identificación de vocabulario, preguntas de completar ou preguntas de resposta curta.

3. PROBAS ORAIS: 10%

Instrumentos de avaliação: Rúbricas/guía de corrección, cuestionario de fonética

4. PRODUCCIÓN ESCRITA 25%

Instrumentos de avaliação: Rúbricas/guía de corrección.

5. USO DA LINGUA (GRAMÁTICA E VOCABULARIO): 30%

Instrumentos de avaliação: producción de estruturas gramaticais correctas, reescritura de estruturas gramaticais dadas, identificación e uso do vocabulario.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,5 á cualificación inmediatamente superior

**Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliações trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final escrita na que non se repetirán as probas orais, que manterán os resultados obtidos na terceira avaliação.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñarase unha avaliação inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade poderán ser algunas das seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliação.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliação variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

### PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obligatoria que permaneza un ano máis no

mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado tutor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X		X			X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.		X		X		
ET.6 - A igualdade de xénero.			X	X	X	X
ET.7 - A creatividade.	X					X
ET.8 - A educación para a saúde.		X		X		X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.			X		X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.11 - O emprendemento social e empresarial			X			X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X		X			X

#### **Observacións:**

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## **7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de Lingua Inglesa	Actividades de coñecemento da lingua inglesa e a súa historia e cultura impartida por persoal nativo da editorial Burlington		X	

## **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Metodoloxía emplegada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.

**Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos**

Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.

**Medidas de atención á diversidade**

Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.

Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades do alumnado

**Descripción:**

Ao final de cada trimestre, o alumnado cubrirá un cuestionario con estos indicadores de logro segundo a seguinte valoración:

Cumpríronse SEMPRE / AS VECES / NUNCA

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluirá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

**9. Outros apartados**